

mártires de carral

memoria acesa

Manifiesto de Vía Galega no
177 aniversario dos mártires de Carral.
26 de abril 2023



www.viagalega.gal



OFRENDA FLORAL
CARRAL
29 ABRIL | 11.30H
CAMPO DA FEIRA



colabora:
**Deputación
DA CORUÑA**

Manifesto de Vía Galega no
177 aniversario dos mártires de Carral.
26 de abril 2023

memoria acesa

Memoria

Convocámonos aquí para render homenaxe a unha revolución que está na cerna do noso ideario. Neste momento deben enraizar na nosa memoria as bandeiras de palabras que os nosos precursores fixeron ondear: emancipación absoluta, abaixo regras e mestres, soberanía absoluta do escritor, liberdade de prensa de xeito que esta se converta no lugar de debate que nos acolla a todas e todos.

Palabras coma estas son o legado de Faraldo, as que foi deixando nos seus artigos titulados “A nosa bandeira literaria”, que el definiu como “fórmula completa das nosas doutrinas”.

Faraldo ía definindo a ideoloxía daquela mocidade que máis tarde se xuntaría no Batallón literario e participaría entusiasmada dunha revolución que entón fracasou e por mor da que foron represaliados eles, e fusilados os seus líderes, aquí en Carral, un 26 de abril.

Mais, como diría anos despois Castelao, enterraban semente. Palabras como as de Faraldo, que xunto con Brañas camiña na Alba de Gloria de Castelao, verán a luz unha e outra vez. O Manifesto Máis Alá asinado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, o Manifesto da I Asemblea nacionalista de Lugo ou o Editorial que abre o 1º número da Revista Nós volverán nomear e definir o imprescindíbel: a protesta implacábel contra os vellos, contra os mestres da mocidade imbécil, pollitos bien; a tolerancia ideolóxica cos colaboradores, sempre que poñan por riba de todo “a orgullosa satisfacción de seren galegos”; a proclamación da soberanía estética que deberá actuar en primeiro lugar sobre a paisaxe natural e urbanizada para salvar a identidade formal desta nación que levaba décadas autoafirmándose.

É “o pasado que co seu simbolismo ilumina o noso futuro” (Castelao). É a memoria que debe permanecer acesa no lugar en que nacen os nosos sonhos, protexéndonos do frío dos ventos que chegan da meseta tentando varrernos, unha e outra vez, coas súas novas formas adaptadas a cada novo tempo, mais sempre enraizadas nos prexuízos antigalegos e alimentadas por ansias coloniais que se disfrazan baixo outras palabras con aparencia de modernidade.

Porque hoxe, coma entón, non son aliados posíbeis os que non só non cren en Galiza, senón que non a recoñecen e mesmo se avergonzan dela. Hoxe, coma entón, o seu oráculo é a negación da nosa alma popular, a vergonza de teren nacido en Galiza, a intolerancia ideolóxica ou a submisión artística, lingüística ou non, á capital madrileña. Hoxe, coma entón, a súa doutrina sustenta os nosos detractores, mesmo que declaren o seu progresismo, ou un amor pola terra que traducen nun galego coma ti, que na súa prosodia e no seu léxico demostran a súa falsidade.

Acesa

Mais a nosa razón segue acesa. Parafraseando a Daniel temos que dicir que a pesar de séculos de desprezo e negación, que a pesar da traizón, a nosa identidade segue viva, son, pois, uns imperialistas virchaquetas e fracasados.

E segue acesa porque temos a verdade da nosa parte, porque somos unha nación que se nega a desaparecer e temos a paciencia necesaria para manter vivo o noso cantar que é o mesmo que dicir as nosas ideas, a nosa identidade, o noso idioma. Resistimos e avanzamos sen cansar grazas á forza dos brazos que se alzan para recoller e portar esta chama, unha e outra vez. Porque esa é a forza do pobo. Soster colectivamente a memoria e o futuro, superando obstáculos e inclemencias, escoitando as palabras dos poetas que traducen a súa alma e os seus desexos.

Como Manuel María traduciu nesa peza teatral que sostén a nosa memoria, *Abril de lume e ferro*, onde a través da palabra literaria pode acentuar aqueles aspectos que son a corrente subterránea da nosa historia: a loita incansábel da nosa verdade identitaria contra o autoodio.

Manuel María, poeta do seu tempo que creou para o futuro, escolleu a forma teatral para convidarnos a sentir o que sentiron as persoas que hoxe homenaxeamos. A literatura ten esa virtude, permitírnos recrear o que sucedeu ou sucederá, colocarnos noutra vida, facernos sentir e revivir, impregnarnos desa memoria e conservala canda nós, para mantela acesa e agardar o momento de erguela coma unha bandeira e proclamar o dereito da República da Nación Galega.

Somos viaxeiros no tempo á procura do destino soñado para o noso pobo. Nas maletas levamos as palabras de quen nos foi precedendo. Non nos separaremos delas porque cada unha é exacta e necesaria, verdadeira.

É a xustiza que reclaman os ósos de Solís, o legado que deixou Faraldo. Por xustiza e respecto estamos aquí. Tamén porque precisamos desta faísca para manter a nosa memoria acesa, ferramenta imprescindíbel de futuro.

Marta Dacosta Alonso.